

Resumo da ORDE do 9 de maio de 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o curso 2018-19

A) FONDO SOLIDARIO

Poden participar alumnado de 3º, 4º, 5º, 6º Educación Primaria e dos catro cursos da ESO

Os libros asignaranse ao alumnado que participe por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar

* Ao alumnado con **renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400€** correspóndenlle 6 libros

* Ao alumnado con **renda per cápita familiar superior a 5400€ e igual ou inferior a 9000 €** correspóndenlle 4 libros

B) ADQUISICIÓN DE LIBROS

As axudas para adquirir libros de texto van destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP

* A contía para o alumnado con **renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400€** corresponde: **170€**

* A contía para o alumnado con **renda per cápita familiar superior a 5400€ e igual ou inferior a 9000€** corresponde **90€**

No caso de correspondervos o fondo de libros, será o centro educativo quen preste ao alumnado os libros que lles corresponden, os cales se lles fará entrega no comezo do vindeiro curso 2018-19.

C) AXUDA PARA MATERIAL ESCOLAR

A convocatoria de axudas para **material escolar** vai destinada a alumnado matriculado en educación primaria, e a contía da axuda será de **50€** para aquela unidade familiar con renda per cápita igual ou inferior a 5400€.

A RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR REFÍRESE AO EXERCICIO 2016 e calcularase sumando a base imponible xeral (recadro 392) e a base imponible de aforro (recadro 405) e logo dividirase entre o número de membros da unidade familiar (contando ata 31 de decembro do 2016)

SOLICITUDES:

So se cubrirá unha única solicitude (Anexo I) en caso de vari@s fill@s escolarizados no mesmo centro.

Coa mesma solicitude xa se participa tanto na axuda de libros como na axuda de material escolar se vos corresponde polo nivel de ingresos.

O prazo máximo para entregar dita solicitude é o 22 de xuño.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR:

- Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)
- Copia do libro de familia onde figuren tódolos membros computables.
- Certificado acreditativo do grao de discapacidade do/a alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- Copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar e da declaración da renda do 2016, cando non autoricen a consulta telemática.

OBRIGAS:

Será requisito imprescindible, para beneficiarse de libros procedentes do fondo solidario, ter **devolto os libros de texto** que se recibiron do fondo solidario no curso 2017-18. **O prazo máximo para devolver ditos libros será o 22 de xuño.**

A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2018-19.

Deberase destinar os importes asignados á compra de libros ou material obxeto das axudas.

Conservar en bo estado os libros e material reutilizable para devolvelos ao rematar o curso 2018-19.

PRAZOS:

A listaxe provisional de solicitudes admitidas ou excluídas publicarase o **6 de xullo** no centro.

O período de reclamacións será nos dous días seguintes á publicación provisional (9 e 10 de xullo)

A listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas será publicada o día **12 de xullo.**

Os vales para adquirir libros de texto e/ou material escolar poderán recollese a partir do 12 de xullo e, preferentemente, antes do 18 de xullo. Tamén se poderán recoller durante o mes de setembro.